

CAMPAMENTO DE VERÁN NO ROSAL 2023

O Concello do Rosal organiza o Campamento de Verán co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral a través de actividades educativas e lúdicas coas que dinamizar o tempo libre tras rematar o período lectivo.

DESTINATARIOS/AS

Nenos e nenas matriculados o curso 2022/2023 en educación infantil ou educación primaria que reúnan as seguintes circunstancias:

- Empadroados/as no Rosal (comprobarase que os menores inscritos/as están empadroados no concello)
- Non empadroados/as no Rosal pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio no Rosal.

NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número de prazas ofertadas son 27 por procedemento xeral e 3 prazas reservadas de inclusión. A actividade desenvolverase na Escola de Marzán.

Cómpre sinalar que a Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participaren, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas e de lecer e tempo libre. Así mesmo, o artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, versa exclusivamente sobre o dereito á igualdade das persoas con discapacidade.

Con base nestes criterios, o Concello do Rosal, acorda integrar nas presentes bases as necesidades da mocidade rosaleira na ocupación do seu tempo de lecer, de maneira que os/as mozos/as rosaleiros/as con discapacidade, en función das limitacións que presenten, poidan ter a oportunidade de decidir sobre a modalidade de participación a que desexan optar: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas de inclusión. Deste xeito preténdese que a inclusión social das persoas mozas con discapacidade sexa unha realidade, ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Facer constar a súa condición no apartado que figura na solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisar.
- b) Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- c) Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.

As persoas solicitantes con discapacidade que cumpran os requisitos sinalados deben optar,

de conformidade co artigo seguinte, polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, de xeito que quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.

O incumprimento dos requisitos sinalados neste artigo ou omisión de información das necesidades especiais do neno/a impedirá a participación da persoa solicitante no campamento.

DURACIÓN E HORARIO

O campamento contará con 20 prazas que se desenvolverán de luns a venres de 9.00 a 14.00 os meses de xullo e agosto e 10 prazas de 8.00 a 15.00 horas.

PREZO

O prezo por persoa será de 100€/mes para as prazas de 9,00 a 14,00 e de 125€/mes para as prazas de 8,00 a 15,00. O mes de xullo pagarase na última semana de xuño e o mes de agosto pagarase na última semana do mes de xullo.

BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES E SELECCION

A puntuación por cada unha destas circunstancias, debidamente acreditadas, será a seguinte:

- Por traballo de ambos membros da parella ou titores legais: 2 puntos.
- Por traballo dun dos membros ou titores: 1 punto.
- Por pertencer a familia monoparental: 2 puntos.
- Por pertencer a familia numerosa: 2 puntos.
- Por solicitar os meses de xullo e agosto: 1 punto

A máxima puntuación será de 5 puntos.

No caso de igualdade de puntuacións entre varias solicitudes terase en conta: en primeiro lugar, as solicitudes que contemplan os meses de xullo e agosto e en segundo lugar, a orde de inscrición da solicitude no Rexistro de Entrada.

INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

O prazo de incrición das persoas participantes estará aberto **desde o 18 de maio ata o 2 de xuño** do seguinte xeito:

- a) Presencialmente no Rexistro do Concello do Rosal de 9.00 a 14.00
- b) A través da sede electrónica do Concello do Rosal
<https://orosal.sedelectronica.es>
- c) En calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP. De empregar esta opción deberanse observar o seguinte:



As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos.

De non empregar o Rexistro do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónica: informacionxjuvenil@orosal.gal con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de participantes admitidos.

As persoas participantes deberán achegar:

1. Solicitud de participación.
2. Autorización recollida menor.
3. Cuestionario saúde e autonomía persoal. Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias,...) que sexa precisa coñecer para o bo desenvolvemento da actividade deberá reflexarse no cuestionario.
4. Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/titora do/a menor
5. Fotocopia do libro de familia
6. Vida laboral ACTUALIZADA
7. Certificado recoñecemento de discapacidade da persoa participante.
8. No caso de familia monoparental: certificado de monoparentalidade ou libro de familia no que conste un só proxenitor.
9. No caso de familia numerosa, título de familia numerosa
10. *No caso de non empadroados, xustificante de traballar ou posuir un negocio no Rosal.*

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS. ASISTENCIA. NORMAS.

O Concello elaborará unha listaxe de adxudicatarios/as das prazas así como unha listaxe de reserva. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo orde numérica.

A concesión da praza implica a asistencia á actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

As persoas participantes do campamento que non acaten as normas de convivencia, educación e respecto polo material e/ou compañeiros e monitores poderán ser expulsadas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

